

# Un proxecto longamente agardado

Luns, 18 de Xaneiro de 2010

Xuntamos comunicado de prensa e enlaces dunha nova moi agardada polo pobo de Melide e por todos os troiteiros e afeizoados a natureza.

## UN PROXECTO LONGAMENTE AGARDADO

A Asociación de Troiteiros "Río Furelos" quere manifestar a súa inmensa satisfacción ao coñecer a través dos medios de comunicación da posta en marcha de todos trámites para levar a cabo unha obra de extraordinaria importancia para todos os veciños e visitantes de Melide. Referímonos ao proxecto de recuperación integral programada polo Concello para a tan esquecida área recreativa fluvial do río Furelos.

Xa na anterior lexislatura no ano 2006 remitíramos escritos a Medio Ambiente, Augas de Galicia e á Alcaldesa de Melide, daquela do PP, para que se levasen a cabo as actuacións necesarias que fixesen posible a utilización segura e cómoda das instalacións por parte dos veciños. Neles requiríase, sobre todo, a limpeza do cauce do río, que por estar cheo de lodos impedía o baño. Mesmo chegamos a recoller máis de 1050 sinaturas nun escrito que fora entregado no Concello o 11 de setembro de 2006 e posteriormente a augas de Galicia. Dende aquela xa choveu.

Máis agora non podemos por menos que darlle os parabéns ao Concello por acordarse deste espazo público á hora facer un investimento que rondará os 300.000 € a cargo dos fondos do novo Plan E, acompañados da outra actuación de 100.00 € do Plan da Deputación de A Coruña no plan Terras Ulla-Tambre.

Os melidenses saudamos con ledicia esta nova e acollemos a toma de decisión do Concello de Melide cunha expectante alegría, agardando que o investimento se faga con sentidío. Xa vai sendo hora de que Melide teña unha área recreativa como se merece e os seus veciños e veciñas non teñan que verse na obriga de desprazarse a concellos limítrofes nas épocas estivais para disfrutar do seu lecer

Asdo. Xavier Pazo Blanco  
Presidente Asoc. Troiteiros Río Furelos

Melide, 18 Xaneiro 2010

<http://pescarmona.blogspot.com/>

[http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2010/01/19/0003\\_8237124.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2010/01/19/0003_8237124.htm)

<http://www.elcorreogallego.es/comarcas/ecg/protagonistas-hoy-pilar-peon-iglesias-xavier-pazo/idEdicion-2010-01-19/idNoticia-507194/>